SÉCULO V a.n.e. – I d.n.e.

CASTRO DE centroña PERBES





Recreación dunha escena castrexa de pesca e marisqueo na hoxe chamada praia de Ber.

o aproveitamento dos recursos pesqueiros

Os habitantes dos castros realizaban un aproveitamento integral do territorio, dos recursos agrícolas, gandeiros e, nos xacementos de costa ou próximos a esta coma no caso do Castro de Centroña-Perbes que dista pouco máis de 1 km do mar, tamén do medio mariño, nun grao maior que poboacións anteriores.

Nas escavacións arqueolóxicas dos castros está testemuñado o marisqueo, destacando o consumo de crustáceos, moluscos, bivalvos, gasterópodos (lapas, mexillóns, ostras e caramuxos). Tamén hai pegadas de actividade pesqueira, realizada desde a costa ou desde pequenas embarcacións no litoral, con emprego de anzois e redes, sendo capturados peixes como o pargo, dourada, faneca e maragota, todas elas especies propias de costas rochosas, xunto a outras peláxicas, como o xurelo e a xarda.

un complexo fortificado

A paisaxe do Noroeste peninsular durante a Idade do Ferro, entre o século IX a.n.e. (antes da nosa era) e a chegada do Imperio Romano no século I a.n.e., está organizado ao redor dos Castros, aldeas autónomas, amuralladas e na súa maioría emprazadas en lugares dominantes que permiten un control efectivo do espazo circundante.

O ámbito territorial da denominada Cultura Castrexa ocupaba o que hoxe en día se corresponde con Galicia, Norte de Portugal e a área occidental de Asturias, León e Zamora. Só en Galicia coñecemos a existencia duns 5.000 destes asentamentos que, aínda que non todos estiveron habitados ao mesmo tempo, son unha mostra da importancia que tivo esta realidade cultural da nosa Prehistoria.

Este é o caso do Castro de Centroña-Perbes, localizado no límite entre os municipios de Miño e Pontedeume, nun pequeno outeiro no extremo dun contraforte a media ladeira, na aba sur do Monte de Bréamo, a 193 msnm.

cartografía LYDAR

e interpretación das estruturas defensivas.





Ámbito xeográfico da Cultura Castrexa

Dada a ausencia de escavacións arqueolóxicas que nos permitan coñecer a fondo este xacemento, podemos datalo entre a Segunda Idade do Ferro e unha continuidade trala conquista romana do noroeste peninsular, entre os séculos V a.n.e. e o século I d.n e. (despois da nosa era). Pero o que si é evidente, tras realizar no 2025 cartografía Lydar, é a complexidade das súas estruturas defensivas, moi destacadas na paisaxe que o converten nun castro singular dentro do Golfo Ártabro.

O xacemento presenta un recinto principal ou croa de planta oval, delimitada por un parapeto que corresponde a unha muralla de cachotería de xisto cunha altura variable de entre 3 e 5 m. Na parte leste da croa, zona na que a topografía presenta peores condicións defensivas, as fortificacións refórzanse con tres sucesivos parapetos combinados con outros tantos fosos.

Ao norte e oeste da croa esténdese un antecastro, un espazo que pode considerarse como unha ampliación do castro, normalmente vinculado a actividades agrarias e gandeiras, estando delimitado por un noiro de entre 3 e 4 m de altura.

Recreación hipotética da vida no castro en época galaico-romana.



O GOLFO ÁRTABRO

O castro está emprazado na parte central do Golfo Ártabro, termo acuñado por Otero Pedrayo para identificar o arco formado polo conxunto das rías de A Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol; espazo definido cara ao interior polos montes circundantes e habitado polo pobo prerromano dos Ártabros ou Arrotrebas.

Destacan estas rías por ofrecer portos de abrigo e areais que favorecen os desembarcos e unhas boas condicións para as rutas de navegación entre o Atlántico occidental e o Mediterráneo, para desenvolver un comercio baseado na exportación de produtos como o estaño, a prata e o ouro.

Co Golfo Ártabro relaciónase o coñecido Portus Magnus Artabrorum, testemuñado en fontes clásicas como Estrabón (século I a. n. e.), Pomponio Mela e Plinio o Vello (ambos do século I d. n. e.) e Ptolomeo (século II d. n. e.)



A CIDADE DE ARDÓBRIGA

Citada por Pomponio Mela (s. I d. n. e.) na súa De Chorographia, como a cidade principal dos Ártabros, sobre a súa localización exacta carecemos de datos. Únicamente na descrición realizada por este xeógrafo na súa obra sabemos que estaba situada nunha posición visible e destacada desde o mar, localizada entre un conxunto de dous pequenos ríos que a limitan por unha banda e outros dous de maior entidade pola outra.

Datos tan xerais fixeron xurdir diversas hipóteses respecto da localización de Ardobriga, tales como Betanzos ou a Ría de Ferrol, entre outras, como posible emprazamento da cidade. Entre as posibles localizacións está a do Castro de Centroña-Perbes, en base a súa proximidade á costa, a posición central no Golfo Ártabro, o gran tamaño do asentamento, a súa destacada presencia vista desde o mar e a súa localización entre dous ríos principais, o Baxoi e o Eume. Únicamente unha escavación arqueolóxica do castro podería aportar as probas materiais que confirmaran ou desmentiran a hipótese exposta.



Miño

Pontedeume

Grupo de Acción Local de Sector Pesquero Golfo Ártabro Norte

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR

Fondos Europeos

Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea